

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

8189 *Real decreto 559/2010, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Integrado Industrial.*

O título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, creou o Rexistro de Establecementos Industriais de ámbito estatal, así como a Comisión de Rexistro e Información Industrial, adscritos ambos os dous ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Mediante o Real decreto 697/1995, do 28 de abril, aprobouse o Regulamento do Rexistro de Establecementos Industriais de ámbito estatal, que regula os aspectos básicos do rexistro e da Comisión de Rexistro e Información Industrial.

Recentemente, aprobouse a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (Directiva de servizos), que se incorporou ao noso ordenamento xurídico a través de dúas leis: a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que traspón a propia directiva, e a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizo e o seu exercicio, que modifica expresamente as leis vixentes afectadas pola citada directiva, entre elas, a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

Por iso, resulta necesario adaptar a esta regulación o previsto no Real decreto 697/1995, do 28 de abril. Nesta liña, debido a que o contido do Regulamento do Rexistro de Establecementos Industriais de ámbito estatal que se debe cambiar é moi amplo, para maior claridade e simplicidade optouse por elaborar un novo regulamento que incorpore todas as modificacións necesarias e que se sustente nun concepto de rexistro, co mesmo ámbito, pero máis operativo e automatizable na xestión, de forma que posibilite o acceso electrónico dos interesados, o intercambio electrónico de información entre todas as administracións públicas afectadas, así como as facilidades que marca a normativa vixente sobre acceso á información das persoas con discapacidade.

Asemade, de acordo coa modificación do artigo 13 da Lei de industria que incorpora a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizo e o seu exercicio, o Rexistro de Establecementos Industriais de ámbito estatal pasa a se denominar Rexistro Integrado Industrial.

En consecuencia, mediante este real decreto apróbase o Regulamento do Rexistro Integrado Industrial, derrógase o Real decreto 697/1995, do 28 de abril, polo que se aprobou o Regulamento do Rexistro de Establecementos Industriais de ámbito estatal, e supérase definitivamente o disposto no Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, de réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias.

Para a elaboración deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas, así como, de acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o Ministerio de Política Territoria emitiu informe sobre o proxecto.

Este real decreto dítase de conformidade co artigo 27 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas para establecer rexistros industriais nos seus propios territorios.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de maio de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do regulamento.

Apróbase o Regulamento do Rexistro Integrado Industrial, que se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. Interoperabilidade dos rexistros.

Corresponde ao órgano competente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, como xestor do Rexistro Integrado Industrial, adaptar os sistemas informáticos a que fai referencia o artigo 3.2 do Regulamento do Rexistro Integrado Industrial.

En particular, de acordo coa Comisión de Rexistro e Información Industrial, corresponderalle elaborar a aplicación informática como ferramenta interoperativa para as distintas administracións públicas que poderán acceder ao sistema, determinar os accesos e vías de comunicación cos distintos axentes externos ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como as características técnicas do Rexistro Integrado Industrial.

Disposición adicional segunda. Seccións especiais do Rexistro de Establecementos Industriais.

As seccións especiais do Rexistro de Establecementos Industriais creadas mediante o Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos, e o Real decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos, manteranse e rexeranse polo disposto nas disposicións adicionais primeiras destes reais decretos.

Disposición transitoria única. Inclusión no Rexistro Integrado Industrial.

As empresas e axentes en materia de seguridade e calidade industrial, incluídas no ámbito de aplicación do Regulamento do Rexistro Integrado Industrial, que no momento da súa entrada en vigor se encontren inscritas no Rexistro de Establecementos Industriais de ámbito estatal aprobado polo Real decreto 697/1995, do 28 de abril, inscribíranse de oficio no Rexistro Integrado Industrial polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio en colaboración coas comunidades autónomas.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto por este real decreto e, en particular, o Real decreto 697/1995, do 28 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Establecementos Industriais de ámbito estatal.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado as competencias exclusivas sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. Aplicación.

Habílitase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de maio de 2010

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN

REGULAMENTO DO REXISTRO INTEGRADO INDUSTRIAL

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e características.*

1. Constitúe o obxecto deste regulamento a regulación do Rexistro Integrado Industrial.

2. O Rexistro Integrado Industrial terá carácter informativo, será de ámbito estatal e estará adscrito ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Dirección Xeral de Industria da Secretaría Xeral de Industria.

3. A xestión do rexistro corresponderalle á Subdirección Xeral de Calidade e Seguridade Industrial, e á fronte deste estará un xefe de rexistro, co nivel que derive da relación de postos de traballo do dito ministerio.

Artigo 2. *Fins.*

De conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o Rexistro Integrado Industrial terá os seguintes fins:

a) Integrar a información sobre a actividade industrial en todo o territorio español que sexa necesaria para o exercicio das competencias atribuídas en materia de supervisión e control ás administracións públicas en materia industrial, en particular, sobre aquelas actividades sometidas a un réxime de comunicación ou de declaración responsable.

b) Constituír o instrumento de información sobre a actividade industrial en todo o territorio español, como un servizo ás administracións públicas, aos cidadáns e, particularmente, ao sector empresarial.

c) Subministrar aos servizos competentes das administracións públicas os datos precisos para a elaboración dos directorios das estatísticas industriais, no caso estatal a que se refiren os artigos 26.g) e 33.e) da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública.

Artigo 3. *Actuación do rexistro.*

1. A actuación do Rexistro Integrado Industrial desenvolverase sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas para establecer rexistros industriais nos seus respectivos territorios, e de acordo cos principios de coordinación, cooperación e asistencia mutua establecidos no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Non obstante o punto anterior, as administracións públicas adoptarán as medidas necesarias e incorporarán nos seus respectivos ámbitos as tecnoloxías precisas para garantiren a interoperabilidade dos distintos sistemas, de acordo coa disposición adicional primeira da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Artigo 4. *Ámbito.*

1. O Rexistro Integrado Industrial comprenderá os datos relativos ás empresas e establecementos que realicen algunha das seguintes actividades ou instalacións:

a) As actividades dirixidas á obtención, reparación, mantemento, transformación ou reutilización de produtos industriais, o envasado e embalaxe, e o aproveitamento, recuperación e eliminación de residuos ou subprodutos, calquera que sexa a natureza dos recursos ou procesos técnicos utilizados e, se é o caso, as instalacións que estas precisen.

- b) As actividades de xeración, distribución e subministración da enerxía e produtos enerxéticos.
- c) As actividades de investigación, aproveitamento e beneficio dos xacigos minerais e demais recursos xeolóxicos, calquera que sexa a súa orixe e estado físico.
- d) As instalacións nucleares e radioactivas.
- e) As industrias de fabricación de armas, explosivos e artigos de pirotecnia e cartuchería, e aquelas que se declaren de interese para a defensa nacional.
- f) As industrias alimentarias, agrarias, pecuarias, forestais e pesqueiras.
- g) As actividades industriais relacionadas co transporte e as telecomunicacións.
- h) As actividades industriais relativas ao medicamento e á sanidade.
- i) As actividades industriais relativas ao fomento da cultura.

2. Tamén constarán no Rexistro Integrado Industrial os datos relativos ás seguintes empresas, e entidades de servizos, con personalidade física ou xurídica:

- a) Os servizos de enxeñaría, deseño, consultoría tecnolóxica e asistencia técnica de carácter industrial directamente relacionados coas industrias, actividades e instalacións que se relacionan no punto 1 deste artigo.
- b) As entidades de acreditación, organismos de control, laboratorios e outros axentes en materia de seguridade e calidade industrial.

3. O Rexistro Integrado Industrial conterá datos tanto de empresas e entidades establecidas en España como de empresas e entidades legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que exerzan a súa actividade en réxime de libre prestación en territorio español.

4. As descrições literais de actividade reflectidas nos puntos 4.1 e 4.2 deberán transcribirse en termos de códigos da clasificación CNAE vixente.

Artigo 5. *Contido.*

O Rexistro Integrado Industrial incluírá os datos que se indican neste artigo a partir dos datos das autorizacións concedidas en materia de industria e os achegados nas comunicacións ou as declaracións responsables realizadas polos interesados.

1. O Rexistro Integrado Industrial conterá os datos básicos seguintes, que terán carácter público, excepto os referidos ás empresas e aos establecementos que realicen as actividades ou instalacións citadas no artigo 4.1.e) deste regulamento:

- a) Datos relativos a entidades, empresas ou empresarios autónomos:
 - 1.º Número ou código de identificación fiscal.
 - 2.º Número de identificación asignado pola comunidade autónoma (segundo se define no artigo 8 deste regulamento).
 - 3.º Titular (nome e apelidos, razón social ou denominación).
 - 4.º Domicilio social (con codificación xeográfica, ao menos a nivel de provincia e municipio, segundo o Nomenclátor INE), teléfono, fax e, se é o caso, correo electrónico e páxina web.
 - 5.º Actividade principal (código CNAE vixente).
 - 6.º Se é o caso, outras actividades desenvolvidas (códigos CNAE vixentes).
- b) Datos relativos ao establecemento:
 - 1.º Número ou código de identificación fiscal.
 - 2.º Número de identificación asignado pola comunidade autónoma (segundo se define no artigo 8 deste regulamento).
 - 3.º Denominación ou rótulo.
 - 4.º Localización do establecemento (endereço postal -con codificación xeográfica, ao menos no nivel de provincia e municipio, segundo Nomenclátor INE-, teléfono, fax e, se é o caso, correo electrónico e páxina web).

- 5.º Actividade económica principal (código CNAE vixente).
 - 6.º Se é o caso, outras actividades desenvolvidas (códigos CNAE vixentes).
- c) Con respecto ás entidades de acreditación, organismos de control, laboratorios e outros axentes en materia de seguridade e calidade industrial, o rexistro conterá datos básicos análogos aos indicados no punto anterior, así como os seus ámbitos de actuación para cada actividade desenvolvida.
2. O rexistro conterá os seguintes datos complementarios, que non terán carácter público:
- a) Data de concesión da autorización ou de presentación da declaración responsable ou comunicación e órgano competente que a concede ou ante o cal se presenta, respectivamente. No caso de comunicacións de modificacións ou cesamento da actividade, data da presentación da comunicación e órgano competente ante o cal se presenta.
 - b) Información relativa a comprobacións de cumprimento de requisitos, inspeccións e sancións.
 - c) Información relativa aos seguros de responsabilidade civil profesional dos prestadores que estean obrigados a iso.
3. Logo de acordo da Comisión de Rexistro e Información Industrial, poderán incorporarse ao rexistro outros datos complementarios, que se utilizarán para efectos de agregación estatística industrial.

CAPÍTULO II

Organización do rexistro

Artigo 6. *Divisións.*

A información existente no Rexistro Integrado Industrial estruturarase nas divisións seguintes:

- a) A división de empresas e establecementos que realicen as actividades ou instalacións, previstas no artigo 4.1.
- b) A división de empresas ou entidades de servizos relativas á actividade industrial, referidas no artigo 4.2.a).
- c) A división de entidades ou axentes en materia de seguridade e calidade industrial, que figuran no artigo 4.2.b).

Artigo 7. *Seccións.*

1. A división a que se refire o artigo 6.a) organizarase en seccións coincidentes coas divisións (código numérico de dúas cifras) da clasificación nacional de actividades económicas vixente.

2. A división prevista no artigo 6.b) organizarase nas seguintes seccións:

- a) Empresas consultoras.
- b) Empresas de enxeñaría.
- c) Empresas proxectistas e deseñadoras.
- d) Empresas instaladoras.
- e) Empresas reparadoras, conservadoras e mantedoras.

3. A división recollida no artigo 6.c) organizarase nas seguintes seccións:

- a) Entidades de acreditación.
- b) Organismos de normalización.
- c) Organismos de control.

- d) Laboratorios de ensaio.
- e) Laboratorios de calibración.
- f) Entidades de certificación.
- g) Entidades auditoras e de inspección.
- h) Verificadores ambientais.
- i) Verificadores de informes de emisión de gases de efecto invernadoiro.
- j) Outros axentes colaboradores.

4. A estrutura das seccións mencionadas nos puntos 2 e 3 deste artigo poderase subdividir e organizar de acordo coa clasificación nacional de actividades económicas vixente.

Artigo 8. *Número de identificación.*

O número de identificación que os órganos competentes das comunidades autónomas asignen terá o seguinte formato:

XX- Y- ZZZ- NNNNNNNN

onde:

- a) «XX» representa os dous díxitos que identifican a Administración pública competente, de acordo coa relación de códigos de identificación contida no anexo deste regulamento.
- b) «Y» é a letra (a, b ou c) da división de acordo co artigo 6.
- c) «ZZZ» corresponde á sección segundo o artigo 7.
- d) «NNNNNNN» son os díxitos ou letras correspondentes á identificación da empresa, entidade, establecemento ou axente de seguridade e calidade industrial.

CAPÍTULO III

Procedementos

Artigo 9. *Comunicación, incorporación e actualización de datos do rexistro.*

1. Os órganos competentes en materia de industria das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla darán traslado inmediato por medios electrónicos ao Rexistro Integrado Industria mediante a aplicación informática desenvolvida no Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, dos datos básicos e complementarios establecidos no artigo 5 que conteñan as autorizacións concedidas e as declaracións responsables ou comunicacións presentadas polos titulares das industrias, empresas de servizos ou entidades incluídas no artigo 4, así como as baixas do rexistro por cesamentos de actividade ou cambios a unha actividade fóra do ámbito do rexistro e todas as variacións significativas nos datos.

2. No caso de actividades non suxeitas a autorización, declaración responsable ou comunicación, os titulares das industrias ou empresas de servizos poderán achegar, unha vez iniciada a actividade, os datos básicos e complementarios establecidos no artigo 5 deste regulamento ao órgano competente da comunidade autónoma, que dará traslado inmediato por medios electrónicos, a través da aplicación informática desenvolvida para o efecto, ao Rexistro Integrado Industria. De igual forma, achegarán as variacións significativas que se produzan nos ditos datos e, se é o caso, o cesamento da actividade.

3. Consideraranse variacións significativas dos datos transferidos ao rexistro:

- a) No caso das empresas ou entidades e dos establecementos industriais: o traslado e o cambio de titularidade ou de actividade.

b) No caso das empresas ou entidades de servizos e dos axentes en materia de seguridade e calidade industrial: o traslado, o cambio de titularidade e o cambio do ámbito material ou sectorial de actuación.

4. Os modelos de comunicación de datos e o detalle destes estableceranse conforme a aplicación informática desenvolvida polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para o Rexistro Integrado Industrial e tras acordo coa Comisión de Rexistro e Información Industrial, creada de conformidade co artigo 12 deste regulamento.

5. Non será necesaria resposta, confirmación ou inscrición efectiva no rexistro para poder exercer a actividade.

6. Os órganos competentes das comunidades e cidades autónomas serán responsables da correspondencia dos datos que trasladen ao Rexistro Integrado Industrial cos que consten no seu poder nas respectivas autorizacións, declaracións responsables ou comunicacións de modificacións.

Artigo 10. *Comunicacións entre organismos da Administración xeral do Estado.*

1. O Ministerio de Traballo e Inmigración dará traslado anualmente ao Rexistro Integrado Industrial, por medios electrónicos e a través da aplicación informática desenvolvida no Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, das variacións que se produzan no Ficheiro Xeral de Afiliación á Tesouraría Xeral da Seguridade Social nos datos contidos no rexistro.

2. Pola súa parte, os ministerios de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de Fomento e de Sanidade e Política Social, igualmente por medios electrónicos e a través da aplicación informática desenvolvida no Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, darán traslado anualmente ao Rexistro Integrado Industrial dos datos dos establecementos industriais que consten nos seus correspondentes rexistros.

CAPÍTULO IV

Acceso á información e normas de confidencialidade

Artigo 11. *Acceso á información.*

1. Os datos básicos consignados no artigo 5.1 e 5.2 teñen carácter público, con excepción dos relativos ás industrias de fabricación de armas e explosivos e os que se declaren de interese para a defensa nacional.

2. Os datos de carácter persoal estarán protexidos pola normativa estatal vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

3. O acceso aos datos públicos do Rexistro Integrado Industrial realizarase a través de medios electrónicos. O órgano responsable da xestión do Rexistro Integrado Industrial disporá o necesario para que se incorpore ao rexistro o sistema que permita o acceso dos interesados por medios electrónicos así como as condicións básicas para o acceso á información das persoas con discapacidade que marca a normativa vixente.

4. Os órganos competentes en materia de industria das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla que trasladen datos ao rexistro de acordo co disposto no artigo 9.1 terán acceso directo a todos os datos do Rexistro Integrado Industrial incluídos os complementarios, para o exercicio das súas competencias, mantendo o tratamento confidencial que corresponde. Para tal efecto, o órgano responsable da xestión do Rexistro Integrado Industrial disporá o necesario para que se incorpore ao Rexistro o sistema que permita o intercambio de información a través de medios electrónicos, cos órganos competentes das comunidades e cidades autónomas.

CAPÍTULO V

Comisión de Rexistro e Información IndustrialArtigo 12. *Funcións.*

A Comisión de Rexistro e Información Industrial, adscrita ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, levará a cabo a coordinación permanente, en materia de rexistro e información, entre a Administración xeral do Estado e as administracións das comunidades autónomas, e cidades de Ceuta e Melilla. En todo caso, desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Velar polo bo funcionamento do Rexistro Integrado Industrial.
- b) Establecer os criterios de coordinación entre o Rexistro Integrado Industrial e as comunidades autónomas e analizar os modelos de enlaces electrónicos para a de comunicación de datos, con base na interoperabilidade do rexistro.
- c) Asegurar a coordinación rexistral necesaria para o cumprimento do establecido no artigo 24 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e no artigo 9 deste regulamento.
- d) Analizar modelos comúns de declaracións responsables e comunicacións, así como as modificacións destes.
- e) Estudar as técnicas necesarias para asegurar a compatibilidade e interoperabilidade dos sistemas informáticos para a xestión rexistral, de maneira que a recollida e transmisión de datos se realicen coa maior eficacia administrativa e o menor custo posible.

Artigo 13. *Composición.*

1. A Comisión de Rexistro e Información Industrial estará composta polos seguintes membros:

Presidente: o director xeral de Industria do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Vicepresidente: o subdirector xeral de Calidade e Seguridade Industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Secretario: o xefe do Rexistro Integrado Industrial.

Vogais:

- a) Un representante de cada comunidade autónoma.
- b) Un representante de cada unha das cidades de Ceuta e Melilla.
- c) Un representante do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.
- d) Un representante do Ministerio de Fomento.
- e) Un representante do Ministerio de Sanidade e Política Social.
- f) Un representante do Ministerio de Educación.
- g) Tres representantes do Ministerio de Economía e Facenda, un en representación do Instituto Nacional de Estatística e, ao menos, outro en representación da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- h) Un representante do Ministerio de Traballo e Inmigración.
- i) Un representante do Ministerio de Ciencia e Innovación.
- j) Un representante do Ministerio de Vivenda.
- k) Un representante do Ministerio de Cultura.
- l) Un representante da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.
- m) O subdirector xeral de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.
- n) O subdirector xeral de Fomento Empresarial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.
- ñ) Un representante do Gabinete Técnico da Secretaría Xeral de Industria.
- o) Dous representantes máis do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Os vogais serán designados, se é o caso, polas administracións públicas e órganos da Administración xeral do Estado aos cales representen.

2. O secretario asistirá á comisión con voz pero sen voto.

Artigo 14. *Funcionamento.*

1. A Comisión de Rexistro e Información Industrial reunirse, ao menos, unha vez ao ano por convocatoria do seu presidente ou por petición dun terzo dos seus membros.

2. O presidente poderá delegar as súas funcións no vicepresidente.

3. A Comisión de Rexistro e Información Industrial poderá constituír grupos de traballo para o estudo de asuntos relacionados coas súas funcións, que elevarán os seus informes e conclusións á comisión a través do seu presidente.

4. O réxime de constitución e acordos da Comisión de Rexistro e Información Industrial, así como o dos grupos de traballo, regularase nas normas de funcionamento que establecerá e aprobará a propia comisión.

5. No non previsto neste regulamento e nas normas de funcionamento interno, a que se refire o punto anterior, a Comisión de Rexistro e Información Industrial rexerese polas disposicións que para os órganos colexiados establece o capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO

Números de identificación

Administración pública	Código
Andalucía	01
Aragón	02
Asturias (Principado de)	03
Balears (Illes)	04
Canarias	05
Cantabria	06
Castilla y León	07
Castilla – La Mancha	08
Cataluña	09
Comunitat Valenciana	10
Extremadura	11
Galicia	12
Madrid (Comunidade de)	13
Murcia (Región de)	14
Navarra (Comunidade Foral de)	15
País Vasco	16
Rioja (La)	17
Ceuta (Cidade Autónoma de)	18
Melilla (Cidade Autónoma de)	19